

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tìpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga

Certificado
Lingua
Galega

4

Proba A1


Vostede ten un grupo de amigos e amigas aos que os une a paixón polas viaxes exóticas, o viño e a gastronomía. De cando en vez programan unha viaxe para coñeceren lugares de interese, xantaren ben e degustaren bos viños. Despois de ver a reportaxe, decide escribirlles unha **mensaxe** na que, en **400 palabras**, deberá:

- Propoñerlles unha viaxe pola comarca, segundo o escoitado na reportaxe e coa axuda do mapa que se reproduce abaixo.
- Elaborar e describir unha ruta para un día que inclúa as posibilidades culturais e de lecer máis relevantes da zona.
- Facer algunhas suxestións para a compra de produtos típicos.
- Intentar convencelos, argumentando a favor do interese turístico autóctono.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

Proba A2

Vive vostede nunha vila que é cabeceira dun concello con seis mil habitantes. O núcleo principal acolle dous mil veciños e o resto vive disperso en aldeas nun radio duns vinte quilómetros. A densidade de poboación é duns 23 habitantes por quilómetro cadrado. O 35% da poboación ten máis de sesenta e cinco anos e só o 10% é menor de vinte anos. O saldo vexetativo é negativo, isto é, o concello perde poboación cada ano. Na actualidade non dispoñen de acceso á internet de alta velocidade.

Despois de ler o artigo “Wimax para conectar o rural” e tendo en conta os datos indicados arriba sobre o seu concello, vostede decide escribir un **artigo de opinión** para un xornal local sobre o avance das novas tecnoloxías, facendo referencia á situación da súa vila e insistindo na necesidade de dotala dalgún tipo de acceso á internet. Escriba para iso un texto de **400 palabras** no que deberá:

- Relacionar a información do artigo e a situación no seu concello.
- Explicar o que é o WiMAX e cales son as súas posibilidades.
- Argumentar a favor dos aspectos positivos para a vila e prever algún obstáculo ou efecto negativo coa presenza das novas tecnoloxías.
- Apoiarse no artigo para demandar algún tipo de cobertura da internet para o seu concello.

WiMAX PARA CONECTAR O RURAL

As tecnoloxías sen fíos chegan como alternativa ás redes de cable, que precisan de obra pública e poderían converterse na ponte do rural cara á sociedade da información.

Un artigo de **Marcus Fernández**

Levar o acceso á telefonía fixa, á internet e a outras tecnoloxías aos fogares e empresas que non estean concentradas xeograficamente supón todo un reto tecnolóxico que pode solucionarse con caras redes de cable, mediante comunicacións sen fíos ou facendo uso do satélite. Polo tanto, cada contorno debería optar por estas vías na orde citada, segundo as limitacións económicas existentes.

Aínda que nun primeiro momento parece lóxico pensar que a tecnoloxía de satélite sería a máis axeitada para comunicar lugares a onde non chegue o cable, o certo é que se trata dun recurso moi limitado, que resulta extraordinariamente caro e con non poucas problemáticas na súa implantación. De aí que, malia ser unha opción moi boa para servizos cun público masivo (como as retransmisións televisivas), para dar servizos individuais non resulta óptimo. Durante moitos anos desenvolvéronse tecnoloxías de radio que permiten as comunicacións *polo aire* e que hai anos eran aínda lentas e pouco fiables, mais a telefonía móbil e as redes informáticas Wi-Fi supuxeron un importante salto tecnolóxico que deron a entender que había xeitos moi válidos para evitar as redes físicas.

Coa chegada da tecnoloxía Wi-Fi, non foron poucas as iniciativas que pretenderon construír redes deste tipo en ámbitos urbanos, pero atoparon moitos atrancos para conseguir unha boa cobertura polos numerosos factores que afectan a este tipo de comunicacións. O soño de ter redes Wi-Fi municipais que permitisen conexións á internet, tanto en pequenas vilas coma en cidades coma San Francisco, foi esmorecendo ata que a tecnoloxía evolucionou partindo dos mesmos conceptos, pero incrementando a velocidade de conexión e a cobertura, no que hoxe coñecemos como WiMAX.

Esta nova tecnoloxía de comunicacións sen fíos ten variedades que funcionan en distintos largos de banda, pero o seu uso máis habitual sería moi semellante ao das emisións de televisión, de xeito que os servizos de datos se subministrarían dende unha grande antena á que deben *mirar* as antenas dos clientes para recibir as comunicacións. Unha vez recibido o sinal, pode distribuírse por Wi-Fi ou cable como se faría cunha conexión de ADSL ou cable, polo que para o usuario final non habería ningunha diferenza entre unha solución tecnolóxica ou outra. Incluso sería posible aproveitar esta infraestrutura para servizos de voz ou de televisión.

Visto así, o WiMAX si parece un soño convertido en realidade, xa que permitiría que unha operadora de telecomunicacións puidese levar teléfono, televisión e internet aos fogares sen facer obra civil, mais existen limitacións que cómpre ter en conta. Entre elas, o feito de que, canta máis cobertura deamos con estes tipo de redes, menos velocidade teremos. Os máximos habituais están en distancias de 50 quilómetros e velocidades de 70 Mbps, o que na práctica se limitaría a velocidades de 2 Mbps a 10 quilómetros á redonda. Isto serve, por exemplo, para dar cobertura a un polígono industrial ou a unha vila pequena.

O WiMAX, tendo en conta estas limitacións, non o ten tan doado para ser unha alternativa ao ADSL ou ao cable nas cidades, pero... que pasa co rural e coas zonas xeográficas nas que nin sequera hoxe hai cobertura de ADSL? Aí o WiMAX é a solución máis doada. Nos últimos anos presenciamos o inicio, en Galicia, de distintas experiencias piloto por toda a nosa xeografía, dende O Courel ata os polígonos industriais das nosas vilas, onde se aproveitou a posibilidade desta solución tecnolóxica para loitar contra a fenda dixital.


Explotación comercial

Para non incorrer nunha competencia desleal, alí onde hai redes WiMAX para o acceso á internet é preciso que aos usuarios se lles cobre o servizo, o que habitualmente se fai establecendo unhas tarifas de *mercado*, ou sexa, o equivalente ao que sería unha tarifa plana de ADSL. Isto semella xusto pero continúa a ser demasiado caro para moitos tipos de usuario, polo que non sorprende que algunhas destas redes apoiadas por distintas administracións públicas decidan ofertar prezos agresivos (coma 8 euros/mes) para que os usuarios con pouco poder adquisitivo poidan optar ao acceso á rede, evitando así a súa exclusión da sociedade da información.

De todos os xeitos, o normal nestas redes é que as exploten empresas, polo que teñen que ter uns prezos que permitan a súa viabilidade económica. Así, nos polígonos industriais galegos que se dotan de WiMAX, os prezos que se pagan son equivalentes aos que existen no centro dunha vila ou cidade, o que xa de por si supón unha contribución. Cousa distinta parece ser a conexión para particulares. Como exemplo temos a cidade de Santiago de Compostela, onde se puxo en funcionamento unha rede WiMAX para achegar o acceso á internet de banda larga a cidadáns da zona monumental (que carecían de acceso á Rede de alta velocidade), o que parece ser un fracaso rotundo cando nos seus primeiros meses de funcionamento non semella contar con demanda cidadá (ignorancia da súa existencia ou prezos demasiado elevados?).

As operadoras de telefonía están a comercializar actualmente accesos á rede sen fíos mediante as súas infraestruturas 3G, o que permite velocidades de descarga de ata 7,2 Mbps (unha boa solución de acceso á rede incluso en parte do rural galego), que pretenden mellorar coas futuras redes 4G (LTE). Isto levou os responsables de Nokia a comparar o WiMAX co Betamax, o que parece ser un contraste pouco xusto e atinado, pero que podería marcar unha barreira de usos. Deste xeito, o WiMAX, aínda que en países coma Corea do Sur se estea a empregar en mobilidade para dar acceso á internet a dispositivos portátiles, queda nunha especie de Wi-Fi de longo alcance, para dar servizos orientados a fogares ou empresas, mentres que as redes móbiles dan conectividade ás persoas (especialmente a través de *smartphones*). Entendemos así que o WiMAX aínda dará moito que roer e, de continuar o esforzo das distintas administracións públicas e empresas de telecomunicacións, fará posible que a medio prazo a banda larga poida chegar a calquera curruncho da nosa xeografía.

Texto adaptado de www.temposdixital.com




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Empty rectangular area for writing the A2 exam response.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.